Cando falou agora da circunvalación, Sr. Alcalde, ao mellor moitos non se acordan, eu pensaba no Malecón que si seguira funcionando aquela industria que había en Aguiño pasando aqueles grandes camións polo Malecón, non hai industria, unha gran desgracia, pero por outro lado, pois, é un beneficio. IPdeR lle emplaza, Sr. Alcalde, que a circunvalación sea un feito non unha promesa, que nun ano e creo que despois de tantos anos dunha Corporación democrática ten que estar ahí no compromiso de todos e, sobre todo, de vostede que é o que ten contacto mais directo có Goberno da Xunta.

Despois temos outra serie, digamos. de cousas que eu creo que despois de tanto tempo terían que estar feitas, o Polígono Industrial, agora resulta que efectivamente é un problema de que ese terreno está queimado, non está queimado, nun sitio non se pode facer, noutro non se pode facer, noutro non se pode facer novo.

Vou a facer unha historia das empresas que se marcharon para Polígonos, digamos, aquí ao lado, por non ter chan industrial, Sr. Alcalde, tampouco lle vou a facer responsable de que outros Gobernos aínda que foran do seu partido, porque vostede non tomaba as decisións, pero a verdade é que eu sinto cada vez que falo con algún industrial e cada vez que vexo os problemas que teñen as pequenas industrias ou os pequenos talleres para seguir traballando, que teñen que utilizar a beirarrúa ou teñen que meterse no tráfico do centro de Riveira, realmente lle estamos perxudicando, é verdade Sr. Alcalde, porque eu sinto vergonza que despois do primeiro Polígono Industrial de mil novecentos ochenta e tantos, sigamos sin ser capaces de ofertar 1 m2 de chan industrial, necesario para crear emprego, Sr. Alcalde, e son as cousas en que realmente nós estamos dispostos a picalo, a enfadalo, e a facer que se mova, no sentido da palabra, para que esto non sexa un proxecto que tarde 2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
|---|---|
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

ou 3 anos porque ao final vanse a xubilar os poucos industriales que nos quedan aquí e non sei si virá algún mais cando teñen que esperar para colocar a pequena industria.

Temos outro problema, que tamén é outra deuda de anos e anos e anos; o parque natural de Corrubedo, Olveira, para non entrar en problemas, é un parque que está ahí, é un parque que os veciños non fomos capaces de agradecerlles dalgunha forma, pois, o esforzo que fixeron ou que lle fixeron facer de perder as "suas propiedades", pero que eu sigo pensando e IPdeR tamén que non ten rentabilidade para a economía do cidadán, veñen moita xente a visitalo, é certo, todavía non se cobra entrada, tamén é certo, pero non somos capaces que estos autobuses que veñen con esta xente, "obrigarlles" que cando saen do parque natural, obrigatoriamente por decilo dalgunha forma, veñan ao centro de Riveira, consuman e movan economía, eso Sr. Alcalde, é unha deuda que temos con todos os cidadáns. O parque natural é unha maravilla, apostamos por él, pero temos que dar o paso siguiente, que sirva para que a xente que ven a visitalo, xa que alí non teñen que comprar nin camisetas, nin nada que venden noutros parques, sexan capaces de vir a Riveira e deixar algo aquí.

E despois, Sr. Alcalde, temos outra que tamén nos crea problemas e que se nos queixa xente, que é a economía de Riveira e vamos a falar dende o punto de vista das pequeniñas empresas. Non vou a falar da Lonxa, o que dixo ao parecer é certo. Eu teño a gran alegría de que creo que están controladas as ventas o que significa que todos somos iguales ante determinados Organismos e é unha alegría, o resto xa non entro. Pero aquí hai un poblema, Sr. Alcalde, é o pequeno comercio e a hostelería voulle a chamar familiar, por chamarlle dalgunha forma; é certo que hai comercios pero si vostede fai un recuento, fai pouco tamén salíu nalgún medio de comunicación, duran pouco abertos; nós, IPdeR algunha vez había plantexado aquí e aprobado por maioría, non estaba vostede de responsable, un Plan integral económico e de emprego, tendo en conta o pequeno comercio de hostelería. Eu creo, Sr. Alcalde, que non vale solo negociar cá Asociación de Empresarios, e digoo en público, e xa llo explicarei a eles para que non se sintan ofendidos si é que se sinten, eu creo que temos que formar unha mesa entre todos, tendo en conta tamén os sindicatos, estudiar dunha vez por todos porqué non somos capaces de facer que a xente veña e compre, ou mismo a xente de Riveira, porque eu estou asombrada de xente que coñezo e que me digan, é que vamos a Boiro e hai moitísimos comercios, é que vamos a Boiro e hai unha calle peatonal, bueno, pois aquí haberá que facer algo para que volva a haber un pequeno comercio, que son necesarios, Sr. Alcalde, porque dan traballo a unha familia, unha familia vive deso e incluso a veces teñen un dependiente, e aínda que sexa unha microeconomía é unha forma de mover os cartos e de ver que esto empeza a medrar.

Igual pasa na hostelería, cando falo de hostelería, pois, falo das cafeterías, falo dos bares, si quito un sábado, ou un viernes pero xa é mais difícil, as cafeterías ás 11 da noite ou 11,30 esto parece un pobo morto. Aquel ambiente que había de ser os propulsores da Comarca donde a xente se movía, pois, non hai, e os hosteleros se queixan de que non hai xente, de que non se move, pois, algo está pasando. Eu non



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

teño a resposta a estos problemas, pero creo que entre todos debémolo de estudiar, é un compromiso antes das novas eleccións e creo que debemos de ter en conta a opinión deles para saber que está pasando porque aquí non hai movida e porqué razón de repente está apagada Riveira. Riveira foi a cidade do Barbanza en servicios, sigue sendo en servicios pero temos dalgunha forma que conseguir que o que ven a Facenda, ou o que ven a Pesca, ou a calquera dos Organismos, se quede aquí, non que tome un café e se marche, que pase polo menos unhas horas.

É certo que hai aparcamientos en moitas zonas de Riveira pero tamén é certo que moita xente non sabe donde está, eu non sei como hai que facer para que cando cheguen ao centro de Riveira, aínda que sexan de fora, sepan que colleron para a dereita, que colleron para a esquerda, ou que vamos a outro sitio, pois, que chegan ao centro de Riveira e teñen que deixar o coche. Independiente dos que hai aquí nas Abesadas ou pode haber no cementerio en Blanco Amor, o Haley a parte de arriba é un aparcamiento público e do Concello, a maior parte da xente non o sabe e pregunta e se pode aparcar ahí?, sí, é noso, do Concello. A parte de abaixo das Carolinas pasa exactamente igual, é outra zona que prácticamente ata a Poutada ou un pouco mais hai un montón de prazas e que tampouco a xente sabe si alí se pode aparcar. Si se fan as cousas, Sr. Alcalde, hai que publicitalas ben, hai que dalas a coñecer e xa non falo de turismo que é outra deuda que temos en conta.

Riveira, como decía Lola, ten unhas condicións naturales impresionantes, pero non somos capaces de vendelas, é outra deuda que temos Sr. Alcalde, e podía ser unha fuente de ingresos.

<u>O concelleiro José Manuel Cardalda Novo </u>(portavoz do grupo m. Cs) dí: Riveira tiene que implicarse más en la dinamización y formación de la economía. Es urgente solucionar el tema de la falta de suelo industrial de nuestro Ayuntamiento. Hace más de 20 años que no ampliamos el suelo industrial y estamos perdiendo la implicación e implantación de las empresas que se tienen que ir a otros Ayuntamientos limítrofes que sí tienen ese suelo industrial, perdiendo de esta manera puestos de trabajo muy necesarios en nuestro Ayuntamiento.

Hay que apoyar a las familias para que puedan conciliar el trabajo con la vida familiar, para que puedan tener y criar hijos con dignidad y no seguir perdiendo población como lo que está sucediendo actualmente para luego no tener problemas en las pensiones en un futuro muy lejano.

Los pasados presupuestos 2017 había un compromiso de este Gobierno local con este grupo municipal para la implantación de la escuela de hostelería pero aún estamos esperando por ello, eso sería importante para mejorar nuestra capacidad y profesionalidad en este sector tan demandado. Esperamos y deseamos que antes de finalizar este año 2018 quede cerrada la realización de esta escuela de hostelería tan necesaria y especial para nuestros jóvenes.

Riveira tiene que tener una mayor implicación con el sector pesquero, lo más importante sin ninguna duda en nuestro Ayuntamiento. Hay que atender con más prontitud sus demandas, en especial de las Cofradías, que ya tienen un contacto



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | DOCUMENTO: 20180259125<br>Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |
|---|---|---|

directo, contínuo, con la gente y profesionales del mar. Hay que ser más efectivos y rápidos en las demandas a este sector, ejemplos: aún estamos esperando por las casetas de los marineros de Corrubedo; en Riveira por el pantalán para las descargas de las embarcaciones más pequeñas; en Aguiño por el alumbrado y la posibilidad de la instalación de pantalanes. Agilizar la comunicación con las otras Administraciones y solicitar del Gobierno Central que velen por los intereses de estes profesionales, en especial en el Parlamento Europeo en cuanto a las coutas y cupos de capturas de las distintas especies.

Después de la pesca, el sector del turismo, directamente en servicios necesitan de la implicación del Gobierno de este Ayuntamiento. Desde Ciudadanos Riveira, no logramos entender como un sector tan importante a nivel nacional, regional y local, no cuenta Riveira con ninguna bandera azul en sus playas, cosa que sería un sinónimo de calidad y reclamo turístico. España es actualmente el segundo país del mundo en visitantes, detrás de Francia y por delante de EE.UU., España es el país del mundo con más banderas azules, más de 700, y Galicia la segunda Comunidad Autónoma en número. No entendemos como un lugar como nuestro Ayuntamiento, con la gran cantidad de playas y su gran calidad, no puede venderse por el mundo usando ese reclamo publicitario. Ejemplo tenemos de nuestro vecino Ayuntamiento de Boiro, 7 banderas azules y también la del club náutico.

Riveira necesita como en cualquier otra ciudad seguridad policial. Actualmente el número de agentes, tanto de la Policía Nacional como Local, no cumple el ratio establecido por Lei, en cuanto a número de Agentes por habitante; aún incorporando las auxiliares de verano no son suficientes y el resto del año estamos bajo mínimos y no es suficiente para cubrir la seguridad de todos los vecinos que es algo de suma importancia. Habría que cubrir las plazas fijas de los jubilados e incrementar otras a ser posible. La población actualmente vive intranquila por los episodios de violencia y robo que estamos padeciendo en Riveira y en sus parroquias. Las familias y comerciantes solicitan mayor implicación por parte de este Gobierno, pero para ello hay que incrementar personal y medios, y la nueva Comisaría también sería de agradecer.

Riveira necesita mejoras en las líneas de autobús y transporte escolar e implantar los bonos, estamos esperando por ellos, incrementar en todo lo posible las plazas de aparcamiento gratuito, de vehículos en todas las parroquias y en especial en el centro urbano de la ciudad por su relevancia.

Hacer por recuperar el parque del Centenario y finalizar lo antes posible el conflicto con la empresa concesionaria, para de esta forma gestionar directamente y poner unos precios populares que sean asumibles por los usuarios. Habría que promocionar el uso de vehículos de 2 ruedas: bicicletas, motocicletas y ciclomotores, ya que ocupan poco espacio, contaminan menos y hacen el tráfico más fluído. En Riveira tenemos la nada despreciable cantidad de 1.700 motos y motocicletas, de un total de 16.328 vehículos a motor, y solo cuentan con una treintena de plazas específicas para este tipo de transporte, que sería un reclamo para los posibles futuros



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
|---|---|
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

usuarios. Estamos también esperando por la circunvalación y esperamos que sea lo antes posible.

Riveira necesita unha brigada de obras con personal y medios suficientes para cubrir todas las deficiencias y conservación de nuestras infraestructuras en carreteras, viales, caminos rurales, cementerios, etc. En Riveira tenemos un déficit muy importante en el mantenimiento de mobiliario urbano, parques infantiles en especial, y los paseos. Pensamos que quizás sería lo adecuado no ampliar el número y hacer un mantenimiento de los existentes, y prestar una atención especial a los lugares de nuestro Concello donde a día de hoy aún no tienen alcantarillado como por ejemplo Campelos en Olveira.

En cuanto a la depuración de las aguas; hacer que todas pasen por la depuradora y solucionar los graves problemas de la EDAR de Castiñeiras y finalizar con este tema que tantos perjuicios causa a los vecinos del lugar.

Riveira necesita una importante remodelación en cuanto al tema de limpieza. Estamos esperando los contenedores y el tema del reciclaje es una cuenta pendiente del Ayuntamiento.

También tenemos que tener muy en cuenta el tema de la poca educación cívica de muchos propietarios de animales.

Desde Ciudadanos Riveira venimos pidiendo desde el primer día que llegamos a esta Corporación, hace 3 años, transparencia total en todo lo relacionado con la gestión del dinero público. Ciudadanos Riveira presentó varias iniciativas que fueron aprobadas por unanimidad en este pleno en cuanto a transparencia, pero no vemos los resultados, especialmente estaremos muy atentos para redactar las veces que sea necesario y usar todos los medios legales a nuestra disposición en un futuro. Exigimos transparencia total en la gestión del dinero de nuestros vecinos.

Gracias a una moción presentada por Ciudadanos, las subvenciones a clubs deportivos y becas a deportistas se incrementaron considerablemente en los últimos años; nos gustaría de todas formas comentar que las ayudas a los clubs deportivos, nos gustaría que los baremos fueran de otra forma para que el resultado deportivo no fuera la prioridad, siempre en general, y que se tuviera más en cuenta todo tipo de actividades de la promoción de deporte en general, no solo la pura competición, promocionando a deportitas y no solo a campeones, concentraciones, intercambios.

Una cosa que nos tiene intranquilos, aprovechamos también el momento Sr. Alcalde, el tema de los horarios del pabellón en época de verano, hay gente que querría usarlo los sábados por la tarde, domingos por la mañana y también más temprano por la tarde.

O concelleiro José Manuel Vilas Alvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: este debate do Estado da cidade debería facerse con carácter anual, e sin embargo, non se realizóu nin no ano 2013-14,16, nin no 2017, incumplindo Sr. Alcalde o artigo 129 do ROM, e que vostede destacaba como unha millora no funcionamento do Concello.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

Recollendo a luba remitida na sesión de investidura; convén poñer sobre a mesa a responsabilidade demostrada da oposición nesta lexislatura, e o compromiso para impulsar proxectos comúns en beneficio desta cidade.

Esta Corporación municipal está unida no empeño de redefinir o modelo de cidade, con actuacións que priorizan ao peón frente o automóvil, facilitando o uso da bicicleta e do autobús; pero neste impasse da obra do Malecón estase faltando á debida información por parte do Sr. Alcalde, unha información que tampouco se trasladóu á cidadanía; pese a todo, aínda está en tempo e forma para facelo.

A labor fiscalizadora, e de control, que demanda a sociedade; inclúe esta sesión extraordinaria, que estamos a celebrar; a prol da transparencia na xestión do equipo de Goberno, unha cuestión que nos acaba de expoñer pormenorizadamente o Sr. Alcalde; e que desde a crítica e a cooperación o grupo municipal Socialista vai a poñer sobre a mesa os vicios instaurados, e as posibles alternativas e camiños a seguir no Concello.

Entrando no asunto da Orde do Día, que non é outro que o Debate do Estado da cidade, desde o grupo municipal Socialista imos a dividir a intervención en 27 puntos, rematando cunha aposta de modelo de cidade, e unha conclusión final; pero como prólogo temos que reseñar que si falamos de Riveira, inmediatamente nos ven a mente a figura do mandatario da cidade, porque unha cousa vincula á outra; pois ben Sr. Alcalde, vostede no pasado pleno extraordinario nos faltóu o respeto, especialmente aos Sres. Voceiros cando sacóu a relucir a luz pública unha conversa privada, nin ética nin moralmente se pode sustentar dita acción, máxime cando vostede nos pide gardar decoro e privacidade durante estas reunións. Este tipo de comportamento en sociedade, non é ético nin moral, para a figura que se supón responsable e honesta, dun Alcalde, e xa é a segunda vez que o fai, o que me motiva a reprenderllo públicamente:

Demandamos unha Riveira, que sexa un referente vital, económico e social da comarca e da provincia.

Temos como referentes da cidade unha Delegación de Facenda, un Hospital Comarcal, unha Comisaria de Policía Nacional, o 1º Porto de pesca de baixura da UE, a autovía do Barbanza, un Parque Nacional, e un Parque Natural.

Desde o PSdeG-PSOE botamos en falta unha política activa para que os nosos mozos sexan protagonistas do presente de Riveira, e que non teñan que marcharse a traballar fora daquí. O departamento de xuventude pasa por ser unha axencia de negocio, as contratacións adxudícanse casi en exclusividade a unha sola empresa radicada no municipio. Non estaría mal un programa de formación de lingua inglesa, específico para o comercio e hostelería riveirense, que posibilite a millora na atención que se ofrece.

Os ciclos formativos prometidos no Centro Integrado de Coroso (ensino superior, soldadura, hostelería) non se instauran.

O obradoiro de emprego, así como o viveiro de empresas, evidencian eivas de funcionamento, de compromiso, e de plasmación de resultados.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

Plan de conservación de lavadoiros, e as rutas de sendeirismo, resaltadas no último exemplar de *Riveiraneando*, están baixo mínimos, sen rutas sinalizadas, e sin o mantemento axeitado, e o que é peor, con tramos atravesados polas carreteras.

Lavadoiros como o de Arxinde, río da Mámoa, a Agriña, río de Abaixo, a Rateira, San Paio, están literalmente no olvido, e outros sen a conservación necesaria para o seu uso e disfrute como Pinisqueira, Ameneiro, Gude, Portochouzo, Rocapellón, Castiñeiras, Brañal, Cudieiros, O Vilar, Oín, ou Martín. Recuperemos este patrimonio, Sr. Alcalde, así como os muiños de auga e de vento que se conservan, con áreas de ocio e exercicio ao aire libre.

As políticas cultural e deportivas tamén evidencian carencias, unha de mantemento de infraestructuras e instalacións deportivas, e tamén de implicación xa que consideramos que debería funcionar unha Escola Deportiva Municipal, e a outra con falta de organización e planificación, obviando a potencialidade musical do municipio, refrendada nas extintas Banda de Música, Banda de Gaitas, e Orquestra de Cámara Municipal, e confirmada cos efectivos grupos Tahúme, Gandaina, Albeniz, Bailadela, etc. que carecen do aspecto de fomento e promoción que merecen por parte do departamento correspondente do Concello.

Podemos falar tamén do desprestixio e devaluación das Festas do verán de Riveira, Sr. Alcalde pode decirnos cál vai a ser o planteamento destos festexos? donde se van a montar as atraccións? ten contratada a empresa autorizada para tomar as novas medidas de espacio de seguridade e cumplir coa normativa específica de espectáculos públicos da Xunta de Galicia? porque a lei está para cumplila. Si pasa algo despois botamos as máns a cabeza. Porque non xestiona o Concello as parcelas das atraccións como fai Boiro, por exemplo, cun resultado positivo para as arcas municipais, sufragando os gastos cas aportacións dos feirantes? porque aquí se adxudican as festas sen licitación pública?. Hai que tomar nota da excelente organización da Festa da Dorna, para volver a sentirnos orgullosos das festas do verán.

Urbanismo: O novo polígono Industrial de Fontenla, está nunha Fase de xestión lenta, pendente de permisos, e da esixencia aos propietarios para que poñan os terreos a disposición dos emprendedores.

Outras eivas a mencionar son o cordón verde da cidade, que ben pode estar formado polo Parque Periurbano, e a zona dos Túneles, da Garita, e Pedra do Home, creando espacios acolledores, espacios de ocio, con presencia de árbores, que dan sombra e osíxeno beneficioso. Este espacio verde, tamén debe adoptarse en Aguiño, na rúa da Cobasa. Que ten pensado facer Sr. Alcalde para cumplir a súa promesa de investidura sobre a área recreativa dos Túneles-Garita?

O plan estratéxico de Turismo, o inventario Municipal, que foi un despropósito dándollo a unha empresa foránea, cun total descoñecemento da realidade patrimonial de bens e dereitos do Concello de Riveira, a falta de hospedería na cidade e perentoria para o desenrrolo do plan turístico e paisaxístico, e hai que facer unha



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
|---|---|---|
| | JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

aposta en valor tanto do parque natural, como do parque nacional; reclamando para aquí o Centro de Interpretación das Illas Atlánticas.

A demora na implantación das ARI, áreas de rehabilitación integral, que tan bós resultados está a acadar nos municipios de Rianxo, Noia, Santiago, Allaríz, Pontevedra, con establecemento de axudas para a rehabilitación de vivendas e ruinas no casco antiguo, está a incumplir un acordo plenario. Nun momento de baixo índice de promocións urbanísticas, parece importante dar un impulso á construcción e rehabilitación de edificios con criterios de eficiencia energética, utilizando novas tecnoloxías, novos materiais de construcción, aislantes térmicos, e fomentando as enerxías renovables.

Tamén deberíamos apostar pola rehabilitación de barrios, coa instauración de ecobarrios, que incorporen a creación de espacios urbáns mais verdes e sostibles. Procurar un Concello mais sostible enerxéticamente, con maior calidade de vida e uns servizos adaptados as novas necesidades urbáns, optimizando recursos, e tendo en conta as necesidades da cidadanía.

A falta de supervisión das obras públicas, que repercuten na calidade de vida dos veciños, como o caso recente da rúa Vicente Risco donde caeron varias persoas por un firme resbaladizo, ou os pavimentos ecolóxicos dos parques de Aguiño e Abesadas, ou as baldosas de aceras levantadas, ou as pasarelas de madeira de pinza-pinza no paseo do Castro-Catía.

Hai unha nula planificación futura que queda demostrada na falta dun PXOM actualizado e adaptado a Lei do Solo de Galicia. Ademais carecemos dun técnico municipal que traballe na planificación, na ordenación e xestión do territorio. O Concello limítase a conceder licenzas de obras, sin unha supervisión dos problemas que pode conlevar a terceiros ditas obras; sotos sin permiso que causan descalces na vivenda adosada; casas sin cuberta que causan filtracións de augas aos veciños colindantes; todo esto sin asumir ningunha responsabilidade por parte municipal. Alomenos deberíase pedir unha poliza de RC para responder de daños ou da paralización das obras.

Obvianse urbanizacións previas que deberían correr a cargo do promotor, para logo facerse con cargo o presuposto público. A falta de equidade no cumplimiento das condicións especiais das licenzas e constatable, a uns se lles esixe fianza para urbanizar e a outros difíreselles para anos mellores. Hai procesos de urbanización que a dia de hoxe estan sen realizar. Para poder executar un pavillón municipal houbo que levantar unha hipoteca que había sobre o terreo cedido ao Concello, hipotecado pola promotora. O proceso de adxudicación das obras importantes como a Gardería, o Mercado, o pavillón de Palmeira tiveron que ser adxudicadas por segunda vez debido á insolvencia das empresas inicialmente adxudicatarias, co conseguinte prexuízo para os intereses da cidade. Respecto á gardaría hai que recordar ó vía crucis da adxudicacion da concesión.

As obras do paseo de Coroso á praia de Riazor. No expediente administrativo de aprobación do devandito paseo non consta ningún informe ou documento que



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

acredite que unha parte dos terreos polos que discorre o paseo sexan propiedade do camping, todo o contrario, na escritura de propiedade pon camiño público polo linde sur. Entón, porqué se gastóu o Concello 400.000 € en acondicionar a terraza do camping e na construción dun muro que en todo caso debería de corresponderlle á propiedade? Porque no paseo da Aréa Secada á Ameixida se repuxeron os muros das propiedades sen recuperar a zona de servidume de paso (6 metros por enriba da Delimitación Marítimo Terrestre) e se refixeron os muros de dous metros de alto cando o informe de Costas, e ratificado pola Xunta, di que non poden ser de mais dun metro. Porqué non se vela polos bens públicos?, porqué se permite coller camiños notorios, Sabartán, Paramilla, Cudieiros?.

Ou a falta de reposición de elementos do mobiliario urbán, sinais de tráfico, farolas dañadas, tapas de alcantarilla, que tras diversos accidentes de tráfico, quedan sin repoñer.

Pasos de cebra mal ubicados, ou doblemente pintados, son problemas a solucionar con reunións da Mesa de Peonalización; así como a regularización do trafico con vías de sentido único, para favorecer a mobilidade e evitar accidentes.

Todas estas actuacións forman parte do día a día de Riveira, Sr. Alcalde, polo tanto temos o deber de expoñelas.

Podemos seguir, coa falta de infraestructuras viarias acordes ca cidade, alternativas as vías actuais, como a invocada Circunvalación e outras vías secundarias necesarias.

A senda litoral ten que comenzar na praia da Corna e rematar na praia de Seráns, sen interrupcións con espacios destinados ao ocio, para pasear.

A defensa do noso sector productivo básico, do mar, non se fai adecuadamente, dónde está a presenza do Concello reivindicando as peticións das Confrarías de Rianxo e Riveira, sobre a actividade de explotación e venda da vieira, un producto marisqueiro estable nos nosos fondos mariños.

O Consello local de Pesca reunéuse dúas veces nesta lexislatura, acaso a iniciativa anterior non pode ser respaldada ou tratada polo Consello de Pesca do Concello de Riveira (así como a reclamación da potencia dos motores dos percebeiros, o problema das zonas de libre marisqueo, e outras posibles demandas e iniciativas do Plan de Acción Costeira Arousa 4). Desexamos unha pesca responsable e sostible, que permita a biodiversidade das especies, con vedas e paros biolóxicos, donde prime a calidade sobre a cantidade.

A presenza do Alcalde de Riveira no Consello de Portos ao noso entender foi casi gratuíta. Para nada se notóu no esforzo investidor que Portos lle debe a Riveira. Un exemplo: foi incapaz de xestionar igual trato no prezo do gasóleo, por parte do concesionario do porto, para os mariñeiros de Riveira ao igual que para os mariñeiros do Grove, tampouco son solventadas as deficiencias dos pantaláns, a pesar das reiteradas queixas da Confraría.



| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
| --- | --- | --- |
| | JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

Donde está o apoio do Concello de Riveira e por ende da Mancomunidade de Arousa Norte as peticións reiteradas, con encerro no Concello incluido, dos veciños de Rianxo polo Centro de Día.

A falta de concreción da oficina municipal para atención xurídica, psicolóxica, e según que casos, económica, para os afectados polas estafas bancarias, quedou tamén sobre a mesa, e foi aprobada por unanimidade nun pleno do 2012.

O concelleiro Xosé Antonio Vázquez Cobas (portavoz do grupo m. BNG) dí: hoxe é o día do orgullo da LGTB e dende o BNG estamos comprometidos/as a traballar pola libertade de xénero e libertade do colectivo sexual. Sería unha cousa boa, creemos nós, que o Concello de Riveira tomara tamén algún compromiso nesta problemática, como teñen tomado concellos que están ao noso lado, como é o caso de Rianxo que leva unha semana organizando actos e en Riveira non puxemos a bandeira nin sacamos un bando. Este é un compromiso que queremos amosar, porque é un compromiso social cós dereitos de toda a cidadanía, sexa cal fora a súa posición afectiva ou sexual e a identidade de xénero.

Sr. Alcalde, primeiro, nós nos parabenizamos de que se celebre este debate e teño que recordarlle que o tivemos que solicitar vía rexistro, e vostede ten a facultade de convocatoria do Pleno, mais a todas luces pensamos nós que é un atropelo para a oposición facer 3 plenos en 15 días e, mais aínda, tendo en conta que dous deles son tan relevantes como o dos Orzamentos e o do Estado da Cidade. Non sei si non había que reformular un poco o regulamento para que o Estado da Cidade non coincida no mes dos Orzamentos, igual que non ten que coincidir por exemplo có proceso electoral.

Este Estado da Cidade para nós, sendo máis exactos, quizá debería ser o Estado do Concello, pois, as parroquias tamén existen, aínda que si nos fixamos na atención que recibiron polo grupo de Goberno e a realización de obras que se fixeron nelas, e os feitos demostran que foron as grandes esquecidas.

É verdade que, algúns grupos municipais centramos parte da nosa acción política nas parroquias e moitas das accións que demandamos foron programadas e orzamentadas, pero a realidade é que por falta de interese e vontade política do Goberno municipal non se realizaron e están acumulando retrasos, tras retraso, casos hai abondo: o Centro Social de Carreira, o de Corrubedo, hai saneamentos, hai arranxos de estradas en Corrubedo, en Aguiño, en Castiñeiras, ou en Palmeira donde hai unha necesidade que é calmar o tráfico no recheo, elevando os pasos de peóns, por alí está por exemplo o parque de Arrochela que é unha cuestión de seguridade viaria, que xa foi traída a este pleno, e estes exemplos que lle acabo de decir son só uns exemplos, o caso é que por desleixe ou por mala xestión, a sensación é de abandono, e vemos igual que ven os veciños e as veciñas que non hai a mesma celeridade para as obras das parroquias, nas que hai parques sen mantemento, gavias sen rozar, etc, etc.

Para a Cidade mais celeridade, como ben saben os veciños de Corrubedo, pero nós pensamos que cando hai vontade e interese acelérase o comenzo das obras e o caso mais claro é a reforma do Malecón, que comenzou ben a tempo aínda sendo



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

unha obra que afecta a toda a fachada da cidade, que na nosa opinión debería vir o proxecto ao Pleno así como á mesa de peonalización, que debería ser convocada para falar desta obra e non se fixo. Porqué digo esto?, porque na mesa de peatonalización están os representantes dos grupos municipais, dos empresarios, da Policía Local, os Técnicos, as Asociacións, e a veces teño a sensación Sr. Alcalde, que vostedes, o grupo de Goberno, fan como facían los ilustrados do siglo XVIII, que decían que gobierno del pueblo pero sin el pueblo, e nós o que decimos é Goberno do pobo pero contando có pobo, creo que xa teño dito esto algunha vez e por iso o noso grupo, o grupo municipal do BNG, pedimos que se informe e consulte á xente, porque lle fago unha pregunta: é normal que un comerciante ou un hosteleiro que ten no Malecón o seu negocio, non saiba que se vai facer alí cando comence a obra?, porque esto é o que acontece; nós xa llo digo, xa llo dixen, e o vou a repetir outra vez, compartimos a filosofía da obra, darlle carácter urbano á vía, gañar espacio para os veciños e para as veciñas. Nós non queremos revertir as obras, non queremos desfacer o feito, nin que se incumplan os prazos, non é esa a nosa pretensión, o que queremos é que se informe aos concelleiros deste Pleno así como directamente aos afectados e veciños e veciñas en xeral.

As veces neste Concello cando se teñen feito obras dun calado semellante facíanse maquetas, nesta non se fixo nada, nós temos diferencias có proxecto e ca sua realización, eso é verdade, o temos dito, o temos comentado, porque pensamos nós que o primeiro que había que facer era o aparcadoiro que vai na estación de autobuses vella, sustituindo os que se suprimen e trasladando a estación ao novo emplazamento aínda que fose provisionalmente, porque deste xeito sacaríamos o tráfico pesado de autobuses dun treito en obras e mais habilitaríamos aparcamientos; por eso, fixemos alegacións da nova Estación de autobuses e iso pensamos nós, e así o temos dito sempre que tivemos a oportunidade, que debería ir acompañado dun novo plan de transporte que non acaba de poñerse en marcha, Sr. Alcalde, estamos rematando xuño e ainda non se puxo en marcha, que debía ir acompañado de acondicionar os aparcadoiros disuasorios, porque os aparcadoiros disuasorios non son leiras parquing, non son leiras parquing teñen que acondicionarse, Sr. Alcalde, e que tamén debía ir acompañado da recuperación do parquing do centenario como temos falado tamén moitas veces.

Nós tamén pedíamos zonas verdes, que era outra alegación das que nós fixemos porque nos parecía que había pouca, e resulta que a que ía no plano, no proxecto suprimiuse para facer un parque infantil. Vostede Sr. Alcalde antes dixo que non improvisaba, faltoulle unha característica que eu creo que a ten, que vostede é moi flexible, incluso a veces creo que se pasa de flexible, porque vostede ten unha cousa que cambia os proxectos unilateralmente, e os resultados desos cambios non son bós, porque xa lle pasou ca obra do mercado, e agora Sr. Alcalde, están todos os comerciantes apiñados na planta baixa e temos dous andares arriba baleiros sin rentabilizar, oxalá non pase o mismo có famoso parque infantil no Malecón porque vamos a ter 3 parques infantiles na fachada, 3, si contamos o que está no Halei 4, e si



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
| --- | --- |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

contamos o que hai nas Carolinas 5, na fachada marítima.

O Estado da Cidade, é tamén, sobre todo pensamos nós, o estado das suas xentes e teño para min que os veciños e veciñas de Riveira están un pouco á expectativa, saben que hai cambios, na execución a cambios na cidade porque se están vendo, e saben que vai a haber mais pero non teñen información deles e iso penso eu que lles está creando aos cidadáns de Riveira, como me crea a min moitas veces, certo malestar.

Hai Sr. Alcalde unha lista de compromisos de realizacións polo Goberno no que vostede preside Sr. Alcalde, que agora mesmo están suspendidas no aire e todo apunta a que non se van a cumprir. Eu lles fago unha pregunta: lembran cal era un dos proxectos estrela central da EDUSI?, voullo a decir a ver si se lembra, a recuperación e rehabilitación do edificio de "esta curva", a recuperación ambiental do espazo degradado, pois, xa non o é, alí ía ir o Auditorio, ía ir o Conservatorio, ía ir o Local de Ensaio, ía ir a UAD, a Biblioteca iría có antiguo Conservatorio, en fín, non vou a seguir porque todo cambiou, pero fágolle unha pregunta tamén retórica, cambiouse porque nos sentamos a falar os grupos?, non, cambiouse porque o decidiu vostede tamén unilateralmente.

Agora mesmo hai algún grupo que saiba cales son os proxectos concretos ou aínda que sexan aproximados que se van a facer na EDUSI?, non estou falando las líneas maestras, estou falando dos proxectos concretos, nós, non o sabemos. Sabemos que se meteu na EDUSI a reforma do Malecón, sabemos que vai o paseo de Castiñeiras, sabemos que vai a iluminación de Aguiño, mais, lle pregunto Sr. Alcalde, reuniuse a Comisión da EDUSI?, hai seguimento?, con quen decidiu vostede que entraba a reforma do Malecón?, con nós non falou nada deso, vostede Sr. Alcalde dí que fala con todos pero a nós parécenos que non fala con ninguén, e iso nos preocupa non porque non falen con nós, nos preocupa porque é un problema para a EDUSI e porque é un problema para Riveira.

Agora mesmo, estou eu aquí falando desto e estase falando no Ateneo Valle Inclán da píllara, das dunas, que como saben nós somos un Concello fundamental para a sua supervivencia, tema no que eu penso que debemos implicarnos todos e que debemos de facer esto compatible có disfrute das nosas praias, por eso, eu agora voulle a falar de turismo e cando falamos de turismo é inevitable ao falar do noso Concello falar de natureza e da sua posta en valor. Teño que decir que en Sálvora nós pensamos que as cousas están movéndose se declarou Ben de interés cultural (BIC), se fixo o destino starlight, en fin, se está traballando en Sálvora; pola contra no parque Natural e todo o relacionado que ten que ver con él estamos no mínimo e así levamos moitos anos, un absoluto abandono deste parque polas políticas do PP.

Nós pensamos Sr. Alcalde, que vai sendo hora de plantexarse seriamente o turismo en Riveira, e lle digo, coa Mancomunidade ou sen a Mancomunidade, mais hai que plantexalo, e aproveito para lembrarlle que estamos entrando no verán e hai unha moción aprobada neste pleno que falaba de rehabilitar unha praia en Couso de acceso canino e poñer horario de acceso ás praias urbanas. Pregunto si tomaron



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
| --- | --- |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

algunha decisión ao respecto e si me pode contestar.

Decía o Sr. Napoleón, que si queres que algo non funcione crea unha comisión, e vostedes Srs. do PP, aplicaron esto a raxatabla á comisión de política museística de Riveira, tanto é así, que aínda hoxe é o día que non se creou a comisión. Cada orzamento dedicamos mais cartos aos museos, pero a política museística que hai en Riveira é do siglo XIX, con algunha excepción, que as hai, pero é do sigo XIX, objetos en hurna que llega la gente y visite, e algún obxeto, perdone a indiscreción, non é moi visitable. Cando se vai crear esa comisión, Sr. Alcalde?. Somos un destino turístico ou non o somos. Temos os nosos museos en orden ou non os temos. É unha moción incumplida do seu Goberno.

Riveira ten 27.000 e pico habitantes e ten unha sola sala de exposicións operativa, é a sala Lustres Rivas, sí tamén poñemos aquí, úsase e está moi ben, me parece estupendo, pero non é exactamente unha sala. Do mismo xeito que lle digo que temos tamén un solo local operativo para actos, tíñamos mais, tíñamos a Casa de Cultura e outras, pero fómonos desfacendo deles porque situáronse alí outras cousas e agora o caso é Sr. Alcalde, que os nosos artistas, as nosas asociacións precisan salas de exposición e salas de actos de xeito e non parece que para vostedes, para o grupo de Goberno do PP, esto sexa unha prioridade. Porque si alguien quere saber como é o estado da cidade neste aspecto eu creo que é lamentable.

Esta Cidade precisa resolver unha serie de problemas que despois de moitos anos de goberno do PP na Xunta e no Estado seguen sin atender, porque as Administracións gobernadas polo PP manteñen na incertidumbre e non sabemos o seu desenlace, aínda que afectan ao benestar das veciñas e dos veciños, estoulle falando por exemplo do Polígono Industrial, porque non é que a oposición puxera pegas ou atrancos para a sua realización, é o Goberno do PP o que ten empantanado o Polígono Industrial; e falo da EDAR por exemplo, que é un exemplo claro de obra sen consensuar e mal realizada que complicou e complica a vida de moitos veciños que lles está apestando, literalmente, a existencia e na que haberá que gastar unhos 600.000 euros mais de cartos públicos. Xa adiantou vostede algo, pero quería preguntarlle si se van a cumplir os prazos, sabe que estamos pendientes da recepción dunhas obras; como están empantanadas as modificacións do PXOU que foron comprometidas e son fundamentais para o noso territorio, estoulle falando Sr. Alcalde da ordenanza 6.3, porque Sr. Alcalde, porqué non están feitas estas revisións?, que están agardando para traelas ao Pleno?, vostede trouxo moi rápidamente as que afectaban a “esta curva” pero estas non as trouxo.

Neste mesmo tema decirlle que có tempo aumentan os edificios con cristais rotos, sabe perfectamente ao que me estou referindo, e seguen os esqueletes de construccións fallidas rompendo a paisaxe e o territorio, algún está na cidade como é o edificio que está na rúa de Lugo, que é un auténtico perigo, xa o coñece que xa veu a este pleno, e tamén co tempo temos mais edificios antiguos que ameazan ruina e mentras seguimos agardando pola ARI que si é beneficiosa para o patrimonio construido na cidade para os veciños e veciñas. Quería preguntarlle si hai algunha



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

decisión tomada ao respecto deste edificio da rúa de Lugo ou ao respecto dos edificios que ameazan ruina ou incluso si ten xa pensado traer a este pleno a modificación do PXOU.

Remato xa Sr. Alcalde, porque quero facer unha mención, para nós mención a parte merece o proxecto da circunvalación; é moi importante para esta cidade, mais tamén é moi importante que o trazado sexa acorde coa evolución da propia cidade, e neste sentido o BNG non nos vale o antigo deseño que transcurría por detrás do Xulgado e das Abesadas, por dous motivos principais: porque estamos contra separar unha circunvalación que, non é mais que un valado de formigón – asfalto e coches, a cidade das zonas verdes circundantes.

Lembre que a cidade ten falta de zonas verdes, e por outra parte, consideramos que meter o tráfico por ahí sería difícilmente soportable pola zona, como saben é residencial e escolar. Para o BNG esa sería unha alternativa inviable, pode que fai 20 anos ou mais, alguén pensara nela, mais hoxe cá evolución que tivo a cidade e a que vai ter para nós, non é válida.

Esta cidade está pendente doutras Administracións coas que ten contas que saldar dende hai moito tempo e que non debíamos deixar de reclamar, como é o cuarto Xulgado, a nova Comisaría, e non lle vou a falar do Contencioso contínuo con Portos pola fachada marítima; pero hai 2 temas que creo que son de envergadura mais pequena, por decilo, pero que precisan solución, que son as chabolas do Porto de Corrubedo e o Carreiro de Aguiño. Sr. Alcalde, o Carreiro de Aguiño non o temos que facer na Edusi, o Carreiro de Aguiño é de Portos, que o faga Portos. Xa viñeron a este pleno estos temas e foron tratados e aprobados pero debemos de insistir neles.

Agora sí remato, decíndolle que na cidade hai incertidumbre e parte Sr. Alcalde porque vostede e o grupo de Goberno nin informan, nin fan partícipes dos proxectos aos veciños e veciñas. Os veciños e veciñas so teñen coñecemento polas molestias que lles ocasiona, por eso o grupo municipal do BNG, pedimos outra vez mais que se informe á xente, que se faga partícipe á xente do Goberno da Cidade.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que eu alégrome de que á Sra. Elorduy lle volvera voz aínda que se lle foi a memoria, porque eu recordo que vostede iba na lista do PP, e o PP precisamente do que se queixou foi do que prometeu, da misma forma que supoño que os parques non estarán mal dende que vostede non ten ningunha competencia ou ten nada que ver cós parques, ou empezaron unha vez que vostede se foi e a compañeira que lle quedou levaos moi mal, supoño que algunha responsabilidade terá; lle recordo que vostede iba nunha lista na que entre outras cousas se falaba do modelo de cidade que pretendíamos, un modelo de cidade que por certo xa noutra ocasión motivou que un concelleiro puxérase en contra de tódolos que son aprobación do resto dos grupos municipais, como se está poñendo vostede en contra do que tódolos grupos están aprobando con respecto a esa calle, porque non é cuestión desta; sin embargo nós chegamos a un acuerdo cós veciños que se está cumplindo e xa se lles manifestou que quedan unha serie de problemas como é o que atañe básicamente aos nenos, pero que está en vías de solucionarse; polo tanto, que



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

non se lle fai caso, non, eu aos veciños fíxenlles caso, o problema é que nas munícipes o que manda son as maiorías, e no caso que vostede demanda non resulta que a maioría é a dos 8 concelleiros que neste momento ten o PP, senon que excepto vostedes todo o mundo votou a favor, e digo o Sr. Casais e vostede, o resto votou a favor; polo tanto, a min me parece moi ben que se diga que a obra do Malecón perjudica, pero resulta que a Policía Local dí que non, porque hai dous carriles pero vostedes se olvidan que hai dous de Portos tamén, polo tanto, eso está facendo que o tráfico no sexa mais lento do que estaba sendo e eso que estábamos en obras.

En canto ao número de aparcamientos volvo a repetir, non se perdeu a día de hoxe ningún aparcamiento, o que era doble carril ganouno a xente deste pueblo. Esa é a única e gran diferencia que había, e claro está moi ben decir que cerran comercios, é verdade, pechan aquí e en todos lados. O problema do comercio non é exclusivo de Riveira, o problema do comercio é que hoxe en día teñen unha competencia totalmente, diría que casi desleal ou polo menos que non se pode competir con ela e que un vai có móvil e compra en Amazon e hoxe á tarde ou mañán á mañán teno mais barato incluso do que o encontra, e polo tanto, o comercio ten que ir cambiando o que era a sua forma de traballar durante tantos e tantos anos. Terán que facer un horario totalmente diferente, igual abrir ás 7 da tarde e pechar ás 11 da noite. Terán que abrir os sábados pola tarde para que non se vaia a xente a outro lado. Terán que abrir os puentes para que cando chegue o da Constitución ou tal non se fagan as compras fora de Riveira. Teremos que entre todos buscar unha solución que despois direi nas propostas que eu levo, pero non se equivoquen, Riveira non é diferente a ningún outro sitio, pecharon establecementos na parte de alá de rúa de Galicia como ve establecementos pechadas na milla de oro que é de aquí ao Malecón, como pecharon no outro lado, polo tanto, non me vale eso. Ayer precisamente estuven nun funeral en Boiro, estuven con xente importante de Boiro que pola mañán estuvo de compras en Riveira, estuvo en Mango, e saben que me decían, arrecó que cantidade de xente de Boiro había en Riveira, pois, deberon encontrar aparcamientos os de Boiro, en cambio os de Riveira din que lles é moito mais práctico gastar os 15 euros que lles vale e ir a Boiro a quedar á misma distancia que teñen en Riveira, porque que me digan quen en Boiro aparca diante da tenda, quen en Boiro aparca diante da tenda, porque en Riveira aínda temos tendas que están en lugares non peatonales, en Boiro que me digan quen aparca diante da tenda, pero eso é algo que entre todos teremos que intentar solucionar e teremos que intentar que se tomen as medidas axeitadas.

A Sra. García Pose, lle agradezco o talante, hai algunhas cousas que me gustaría decir, que no carril bici, pois, por exemplo que se falaba da accesibilidade para bicicleta, Riveira ten nestos momentos ou vai a ter en suelo directamente urbano casi 2 km e medio, é o único Concello que eu coñezo de todo o entorno que ten o carril bici no centro porque donde se pode sí pero aquí no centro, aquí deixamos no Malecón eso que tanto lle molesta dos coches para que os rapaces podan ir ao cole en bicicleta e para que empecemos a mudar os hábitos, eso non o ven en ningún outro Concello da Bisbarra, chámese Noia, chámese Boiro, chámese o que vostedes queiran



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

chamar.

Os parques; eu estou dacordo con vostedes, eu tamén vou a facer unha propuesta, estamos pendientes de poder vender o que é o matadeiro, que dediquemos eses cartos a aquelo que habíamos falado do Plan de parques que estén mal, pero a parte eu lle digo que os remanentes que había do ano pasado de incorporación, que tíñamos voluntaria, mais o que aprobaron en pleno, porque en pleno si o houberan dedicado no pleno de presupuestos a falar de presupuestos, pois, entonces a parte de escoitarme a min verían que aprobamos o que era ese parque para a zona do Malecón, pero bueno, tamén podemos facer melloras no parque Pedra Pateira, no parque García Bayón, e no Malecón, por tanto, esa é unha zona que eu creo que o require e que o podíamos facer, pero fágolle a propuesta de que o resto dos cartos que veñen ahí que o dediquemos ao resto de parques que están mal.

En Costas; é verdade que Areeiros ten un problema mais difícil que outros lados, ten unha Sentencia do Supremo pero desbloqueamos algo que non se había feito dende a aprobación da Lei de Costas, que foi o de Palmeira e nestos momentos eu creo que vai por moi bó camiño a zona de Fontan, é decir, esa zona do Touro, tamén desbloquealo.

Eu o de Portos; é que eu hoxe aquí casí diría que o estado de Portos é outra cousa porque eu parezco o Director de Portos, eu non son o Director de Portos pero o que sí lle propoño é que solicitemos unha autoridad portuaria propia, dependente de Portos, pero que Riveira teña a importancia que merece a través dunha Autoridad Portuaria propia, porque é verdade que o Concello está facendo moitas cousas, que pasa, nas facemos?, seguimos esperando, eu creo que dentro das nosas prioridades cando falan de turismo é que a xente que veña aquí vexa un lugar agradable, que eu poda estar tomando unha copa ahí no Malecón e á vez que o seu fillo poda estar correndo tranquilamente no parque ou na explanada sin perigo dos coches, que teñamos unhas zonas onde un poda estar paseando ou comentando sin ter perigo, eso é o turismo, eso é o que estamos intentando con esto, que o que disfruta algunha xente un mes ou dous de verán, os riveirenses o disfruten durante todo o ano, e téñeno que ver así, e cando me din leira parking, vostedes saben que unha leira privada dos 35.000 m, si as pavimentamos estamos a falar de mais de medio millón de euros?, é moi fácil falar, porque despois olvidemos determinadas cuestións sobre todo o Bloque ou o PSOE.

O parque natural; o Plan rector se está, o Plan de usos estase redactando, espero que sexa unha presentación dentro deste mesmo ano seguro e, polo tanto, é un avance durante moitísimos anos que non se dou.

A circunvalación; xa o dixen pero agora resulta que hai un grupo que xa foron de Enxeñeiros, todo o trazado tradicional non lles gusta, có cal eu lle vou a decir á Xunta, mire, vaille a ir por ahí o do Bloque, e vai a negociar o novo trazado que o que ata agora fixeron os Técnicos ese non lles gusta, e dín que é moito mellor pasar por arriba, pero por arriba por donde pola carretera da Deputación?, mañán mismo, vostedes e o Sr. Vilas, apróbano na Diputación e eu lle digo que renuncio para esta



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

lexislatura a circunvalación, pero mañán me aproban o proxecto có rápido por certo que é a Diputación porque si criticaron ao Ayuntamiento vaian a mirar as obras que está aprobando a Diputación, e senon miren a obra de Aguiño. Polo tanto, si vostedes son capaces de facer unha carretera con características de vía rápida pola carretera da Diputación acabáronse os problemas, e o mismo que o da pesca, Sr. Vilas, os motores e todo eso, que llo arregle a nova Secretaria Xeral de Pesca, nós fomos incapaces, non nos deron tempo. Entón, xa lle contestarei porque é así.

En Riveira estamos traballando novos ciclos formativos, non se fixeron 1 pero se fixeron 3, dígame cantos Concellos teñen a cantidade de ciclos formativos que teñen en Riveira, cantos Concellos teñen unha formación dual, dígamo?, porque igual resulta que hai moitos e o Alcalde de Riveira, claro, cando vai a pedir igual non se acorda deso e non lle mete decindo somos os únicos que nos falta formación dual. Dígame cantos hai por ahí?, pois, aquí sí, si hai esa aprobación dual.

Acollo como suxerencia e me parece moi importante, creo que temos que sinalizar mellor o que son as zonas de parking, vámolo a facer para este verán, e creo sinceiramente que é unha aportación interesante da Sra. García Pose.

O suelo industrial Sr. Cardalda, eu creo que llo expliquei suficientemente, é decir, aquí eu cando chego ao Goberno como todos vostedes, pois, temos un problema que é que si queremos desarrollar o Polígono industrial temos duas zonas que non nos parecen adecuadas e aínda por encima iban a ser moi caras. Cambiamos, os trámites están así, pero bueno, algunhas zonas se están parcelando para poder utilizar; pero mire, tódolos datos están moi ben, pero eu lle vou a dar unha datos que son irrefutables do mal que vai Riveira. No ano 2015 o paro era do 16,55% 2.032 personas, o paro a día de hoxe é do 12,44% mais de 4 puntos menos 1.540 personas, un descenso do 24,2%. Estamos por debaixo do que é a media gallega, que xa está por debaixo da media española.

O paro xuvenil de 160 mozos no 2015 pasamos a 92 mozos na actualidade, estou falando de paro rexistrado, descenso do 42%. As afiliacións á S.S. mais de 500 personas mais, de 7.664 persoas a 8.143 persoas, supoño que algo teremos todos que ver en que houbéramos subido 4,8 as afiliacións á S.S., pero a renta per capita media que se sabe a través do IRPF, do que un ten no bolsillo, Riveira ten 22.778 euros e a Illa de Arousa 22.791, ou sexa, que anda como sitio mais rascado que estes veciños de aquí que vostedes din que están totalmente abandonados polo Goberno, pero se miran o resto da Comarca, a Pobra 20.033, Noia 19.387, Porto do Son 18.214, Boiro 17.227, y Rianxo 16.938. Tan mal non debe ser.

Si falamos de creación de empresas no ano 2017, pois, en Riveira creáronse 39, en Boiro 33, en Noia 16, na Pobra 12, en Rianxo 7, en Porto do Son 4; polo tanto, esos son datos que ahí quedan e que as críticas están moi ben pero hai cousas que a veces son mais importantes que as críticas, que son os resultados. Imaxínese o que podía ser Riveira si tuvera un Goberno mais intelixente que o que ten porque aquí non lle encontraron unha sola virtude, imaxínese que tuvera unha sola, xa non digo todas as que me pediron, pois, Riveira, básicamente sería o gran oasis español, unha renta



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

media parecida á dos alemáns seguro.

As bandeiras azuis, perdón, pero non aportan nada, é mais as bandeiras azuis nos condicionaban que moitas das nosas praias non tuveran que ter socorristas porque pedían unha ratio moi superior aos necesarios en praias como Coroso, que prácticamente é un balneario e donde solo se atende rascaduras e picaduras de faneca, e sin embargo tíñamos que ter cantidade de xente que igual nos impedía que unha praia que estuvera a tope a outras horas como a da Ameixida ou as que foran, ou que non tuveran bandeira azul como a de Castiñeiras, como o Castro, que non tuveran socorristas, polo tanto, o que optamos foi por intentar ceder o máximo número de socorristas e adaptalo a onde hai praias, e sobre todo, non estar sempre cós responsables da Adeac que controlan as bandeiras azuis, porque saben que aquí quixeron arriar unha bandeira azul porque non había xente na praia un día que chovía, cando estaban facendo precisamente todos xuntos cursos de perfeccionamiento deso, pero bueno, ahí queda.

Déficit de socorristas; vamos a ter 20 ou por ahí, eu espero intentar solucionalo e que vostedes me den o visto bó, pois, cunha empresa que poña o resto dos socorristas que non fomos capaces de contratar polas ofertas públicas e senon, pois, nos quedaremos sin xente.

Policía Local; Riveira e con moito da que mais auxiliares ten, o problema é que na Policía Local non pode haber exámenes para o que son postos interinos e entón a Lei de presupuestos nos condiciona a posibilidade de crear eses puestos de traballo; nestos momentos, solo hai unha vacante que é a que vamos a poñer e, polo tanto, espero que se solucione como o do parking do Centenario, que estemos os abogados negociando coa Administración, se lle dou conta a tódolos grupos, é un proceso moi difícil desde todo o punto de vista pero eu espero que tamén se poda cumplir.

A brigada de obras; desgraciadamente, a veces os veciños non entenden que é mais fácil facer unha obra nova que os mantenimientos, porque?, porque os mantenimientos van dentro do gasto corriente, temos unha serie de limitacións legais, a min me gustaría poder contratar mais xente, a ver si o podemos facer a través dunha empresa de economía social, que ten un trámite diferente pola Lei de contratos e facer algo así porque o que é por novas contratacións, evidentemente, a Lei de presupuestos non nolo deixa.

Vostede nomeou Campelos; eu lle digo a cantidade de obras que van a ir no que son o remanente, o que eu xa lle comentei e moitísimas delas, como nas Sidreiras, como saneamientos nos lugares de Sirves, na Fontenla, como pluviais en Artes, como tamén no cruce do Vilar, como no saneamiento do Carballal, como no saneamiento de Vixán, como no saneamiento da Carballa, básicamente xa lle digo, hai cantidade de obras que van a ir en alcantarillado, hai zonas como Balteiro ou Muiños que todavía siguen sin eles, é decir, non é unha excepción, estamos falando de alcantarillado xa dunha cantidade moi importante de cartos.

Sr. Vilas; a miña pregunta, vostede que fai tantas preguntas, con que presupuesto o fago?, porque recordo que vostede nin aprobou os presupuestos igual



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

que o Sr. do BNG, que son os que mais reclamaron cousas e a parte non me deron ningunha proposta, eu lle agradezco que en todos estos días que pasaron dos presupuestos, pois, lle viñeran tódalas propostas á mente, pero dende que eu lle presentei os presupuestos hasta que lle dixen que o iba a facer e presentar pasou un mes, e todas esas propuestas é moi fácil alardealas aquí, pero para facelas hai que ter para empezar os presupuestos aprobados, e si fora coa sua axuda non os tiña e, sobre todo, ter propostas e tampouco as tiña.

Con respecto ao wasap; eu pido perdón si abusei de utilizar un medio que non foi ningunha reunión, foi unha conversación na que aquí se dixo que eu había impuesto unilateralmente e de forma sin dialogar o que era a fecha de celebración deses presupuestos e eu quizá errei pero si eu digo o mismo ou o contrario que vostedes non mo houberan creído, si vostedes non houberan dito incorrectamente eso, seguramente eu non houbera tido a mala tentación de utilizar ese wasap, pero ese wasap determinou que os grupos habían falado do día no que se celebrou o pleno, polo tanto, eu volvo a repetir as miñas excusas si efectivamente me pasei, pero ningunha reunión que tuvéramos da Xunta de portavoces, que foron alá, xa lle digo, moitas, aproximadamente 20 ao ano, saiu da miña boca ningunha opinión de vostedes destes feitos, sin embargo sí de outros grupos se deron e se dixeron cousas que foran desa comisión, e incluso, puideron constatar tamén por wasaps que me pasaron outros grupos, e sobre todo, informacións que se teñen dado de xeito noticeiro a xente que está preocupada e está preocupada con razón como era o da EDAR por exemplo, porque os perxudicados son eles pero é o Concello unha infraestructura, somos todos para esa infraestructura que seguramente non foi o mais adecuado ese proxecto, pois, efectivamente, se están gastando casi 1 millón de euros mais, pero tamén temos que decir que entre tódolos grupos logramos que se gaste 1 millón de euros mais, porque podían lavarse as mans e decir eso é competencia sua ahí lle queda, e non, e temos o compromiso de colaborar con nós, tanto de Aquaes como Aguas de Galicia.

Muiños; está moi ben arranxar todos esos muiños pero por empezar eu creo que tíñano que arranxar, cando menos, os seus propietarios porque non hai ningún muiño público e nós sí ofrecemos a xestión dos muiños de Amendo por parte deste Concello e volverémolo a falar e facer, o mesmo que vostede me falou de lavadoiros, pero non se arranxou o de Ameneiro, o de Fondevila, o de Salmón, o de Deán Grande.

As festas de Riveira; agora nestos momentos quen as está facendo é unha comisión, a min me gustaría que esa comisión tivera a axuda que ten da ciudadanía de Riveira a festa da Dorna, porque a festa da Dorna tamén ten unha importante axuda municipal, 30.000 euros, a parte do resto de cuestións nas que colaboramos, polo tanto, sí é verdade que a festa da Dorna é exemplar na sua organización, pero sí é verdade que ten moitísimos mais medios que esas personas que perden o seu tempo en facer as festas de Riveira. Por certo, este ano esperemos, pois, o que son os baños públicos e fio musical público para tódalas atraccións, eso non implica que non sigan anunciando o xamón por separado pero o que é o ruído vaise a poder controlar e vai a haber un fio único.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

En canto a donde van a ir os chiringuitos; esta semana estuven có Presidente da comisión e ca persoa que lle cederon o uso deses lugares, e lle podo decir que o tránsito de xente por donde había un metro e medio o ano pasado non vai a baixar de 6 metros, e a zona libre para todo o que son as orquestas e o baile, do comenzo da Cruz Roja para alá, incluído por onde iba a carretera tamén quedará libre e de uso para a xente, e a parte deso os camións poden ocupar un carril da calle que vai hacia Romero Ortíz e o resto vai a ocupar o espacio que naquel momento tiña inutilizada o lugar do concierto da banda de música, polo tanto, eu creo que este ano aínda que xa tiña a comisión de festas compromisos adquiridos, vamos a mellorar moitísimo e, sobre todo, para o ano que ven, e donde se vai a mellorar porque si solo poden ser 90 chiringuitos, son 90 e non 100 como este ano, polo tanto, xa lle digo este ano duplícase os espacios.

A Garita; falei cós donos, é privada e non se vende, entonces non lle podo facer nada, é mais, aínda menos mal que nos deixan poñer carteis como que aquelo é visitable, é público, etc., porque o único que é público é os camiños que hai por alí.

A mín me quere decir si hai algún Centro de Interpretación das Illas Atlánticas que esté buscando lugar de ubicación?, porqué no me dice que venga para Riveira el lugar de estudio de las estrellas como destino starlight?, porque vostede soltou ahí unha propuesta que non sei de onde a saca, porque no momento en que sexa posible non se preocupe que nos facemos candidatos a ese posible Centro de Interpretación das Illas Atlánticas.

O ARI; eu xa lle expliquei que íbamos a contratar un aparellador e, por outra parte, que se podía sacar adiante ca existencia técnica que temos aprobada para axudar aos proxectos de Riveira Atlántica.

Vicente Risco; debeu haber un gran cataclismo porque despois daquela caída que reolleu un periódico local, pois, debéronse solucionar os problemas e non volveu mais, a pesar do que choveu, a caer ninguén, polo tanto, supoño que unha vez que o polvillo que producen tódalas áreas de cemento debeuse de ir ese polvillo ou, simplemente, ese veciño que aquí non veu a decir que protestara, aquel día tropezou por algunha causa descoñecida e a partir daquel día non volveu a tropezar por ningún lado.

O Plan Xeral; eu lle volvo a repetir, eu deixo que vostede sexa o Presidente e responsable máximo do cambio de Plan Xeral, e o meu grupo lle vai a apoiar, e dígalle aos veciños que 7.000 solares van a deixar de poder ser solares porque Riveira ten un exceso de edificabilidad según as novas normas que ten urbanismo, e dígalle que mais do 50% dos nosos núcleos non cumplen, polo tanto, está moi ben decir que temos que cambiar o Plan Xeral, e eu lle digo, cambiémolo Sr. Vilas, vostede Presidente desa comisión ten o apoio cando menos do noso grupo, 3 + 8 = 11, para levar aos veciños y se lo explica. Somos usted y yo los responsables, vale. Entonces cando se digan unhas cousas, como se dice como crítica que unha obra que se paraliza como foi o mercado, porque a empresa empieza en liquidación ou como foi a do cementerio ou como foi a da guardería, como crítica aínda por encima que fomos



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

capaces de sacala dentro da misma legislatura?, hombre, por favor, ojalá, eu aínda estou esperando que esa pequena obra da Diputación, do que quedou sin facer en Aguiño, que me digan quen é a nova empresa, eu aínda estou esperando, e miren que empezou no ano 2015, polo tanto, que se me diga como crítica. Como o do camping; está moi ben que vostede diga que se hurtan camiños públicos, dónde?, aquí o único camiño público, a única leira pública que se puido usurpar tuvo o seu voto cando menos non o tuvo en contra, porque non sei si se abstuvo, e foi en Aguiño, decindo os Técnicos municipais que era municipal vostede non votou a favor da defensa dese patrimonio municipal, polo tanto, si vostede sabe que hai un camiño público que podamos dar fe de que sea público, denunceo claramente aos Servizos Xurídicos deste Concello que este Alcalde non o vai a paralizar, defenderémolo, pero falar de que todo é público, público é ata agora o que temos no inventario, o que non sei é si é malo ou é bo pero é inventario porque ata agora tivemos papeles que non valían o que vale un inventario legalmente aprobado.

O Camping; é exactamente igual, o proxecto o aprobamos con Costas, e porque dí vostede hai que recuperar os 6 metros de servidumbre, os 6 metros de servidumbre son privados, ou son públicos?, e os que tiñan xa a obra feita e xa estaba legalizado polo paso do tempo?, mire, no Touro, todos nolo cederon, absolutamente tódolos propietarios nos cederon a sua propiedade privada sin darlles absolutamente nada, e os muros corresponden a muros de contención que sí poden levar esa altura ou a altura que tiñan os muros anteriores, pero, claro, aínda por encima decir, non lles sacan 6 metros que son de servidumbre, como si a servidumbre fora pública; a servidumbre é privada, senon mire alá en Corrubedo esa obra que queríamos facer alí no Pradiño como está ocupado, e sinon estuvera ocupada tíñamos un paseo de 6 metros, entón, as cousas son como son.

O Consello Local de Pesca está aberto a todo o que vostedes queiran, traen eu convoco e aproban pero agora teñen responsabilidades en Madrid, polo tanto, vámoslle a dar un tirón de orellas a quen non foi capaz de aprobar todas esas irregularizacións, pero vostedes agora serán capaces de aprobar todo eso. Non se preocupe que eu vou a ser vixiante de que lle cumplan e todo eso vostede pideu das outras Administracións nas que teñen competencias se leven adiante. Non se preocupe. Ademais, conto coa sua axuda e vostede me vai a dar explicacións, mais que eu, porque dirán é o do PP que quere falar mal agora do do PSOE, vostede vai a vir aquí e dí, bueno, he conseguido que los motores se regularicen e senon dí todo o contrario, vale, entón tamén o aclaramos e eu lle dou tamén o meu máximo apoio como grupo para todo eso. Claro, que saque vostede agora do ano 2012 as preferentes, no coñezo xa a ningún de Riveira que esté con ese problema porque se lle solucionou a todos, si quere abrimos esa oficina a ver si ven alguén pero a día de hoxe creo que non hai ninguén que teña esa necesidade.

O BNG; tamén e verdade que levamos un retraso importante, pero eu lle volvo a repetir que o departamento de contratación, neste Concello é modélico, e sobre todo, que nunca tuvemos un problema con que esos pliegos estuveran mal, outra cousa é



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

que cá Lei, e xa lle digo, nós acabamos de sacar 2 concursos pola nova Lei: o de Artemar e o das Festas de Riveira; miren por ahí o Diario Oficial de Galicia a ver cantos concellos xa foron capaces de sacar algún, e a parte, como antes decía, xa estamos tramitando, pois, igual unha mellora no swal, a parte desa entrada na plataforma do Estado.

Porqué a do Malecón foi tan rápida con respecto a outras?, porque, por exemplo imaxínese agora as pavimentacións eran para que a 1 de xullo no casco urbano, pois, se podan acabar, e que agora vaian a facer unha pavimentación na rúa da Muralla como a que acabamos hoxe ou que fagan en outro que a fan no día, non vai a xerar tantos problemas, ou na rúa Luís Pimentel ou en calquer parroquia, polo tanto, a obra tiña que estar acabada o 1 de xullo e a obra está acabada o 1 de xullo.

Mire, o proxecto, volvo a repetir, pasaron 6 meses en que vostedes se preocuparan do proxecto, e cantos millóns íbamos a gastar?, millón e medio iba neses presupuestos nos que vostedes non se opuxeron e de repente somos oscurantistas, somos tal, somos cual, bueno, pois vostedes deben ser cós cartos públicos pouco esixentes porque lle deixan ao Goberno que gaste un millón e medio sin saber o que é, despois veñen, fan unhas propuestas, e lle volvo a repetir, se lle acepta a propuesta dunha zona verde, que vai a ir ou que xa está alí, maior que a que iba, que por certo era anterior ás paradas, era alí un pichiño que nos podía crear mais problemas, agora vai unha maior no que é a Comandancia, entre a Comandancia e a Cruz Roja, ampliouse unha e faise unha nova. Eu paso tódolos días por alí, tódolos días, e varias veces, e me consultou cantidade de xente, aínda de Riveira eu diría que o 90% dos que me paran son favorables a eso, e todos me dín, ánimo, non fagas caso a todo eso porque as orellas me timbran dos que por alí non van, pero dos que van, xa lle digo.

O aparcadoiro da estación; vamos a ver, primeiro, no programa das obras iba un plazo, e dentro dese plazo unha forma de levar adiante as obras. Si eu saco de ahí a Estación de autobuses a donde a levo?, a donde vai ir a Estación de autobuses?, e cando empecen a obrar a onde a levo?, porque xa non teñen a situación actual, e si a meto no medio do pueblo?, donde a meto?, en Puertos?, sácolle de facer 19 aparcamientos ou saco 100 para meter a Estación de autobuses?, entonces, a lóxica eso é o que se vai a facer, retrasar o cambio da Estación de autobuses a que teñamos o novo, e despois pensar si alí é mellor unha zona verde como vostedes propoñen porque en misa e repicando é bastante difícil, ou é mellor que por 19 aparcamientos cando non se perdeu ningún, que se dedique a unha zona verde da que precisamente podan disfrutar os residentes da 3ª edade e os veciños de aquí; eu nestos momentos son partidario desas mais zonas verdes, porque 19 aparcamientos novos non nos van a solucionar nada cando podemos buscalos por outros medios.

Por certo, o director de obra ten a posibilidade de cambiar ata o 10% do que é as partidas da obra, é o que se está facendo, e moitas mas consulta a min e outras teñen dependencia porque confío plenamente na Sra. Enxeñeira, en que o que está facendo é o mellor, pero sin ningún coste para o Concello e dentro do 10% que se pode facer. Pero cales foron os grandes cambios que se fixeron sobre o primero



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

proxecto?, vostede dígame, porque os grandes cambios é esa zona verde que lle estou decindo, non vexo ningún gran cambio porque o resto son obras complementarias que se poden facer cós remanentes ou ben o que aprobamos en presupuestos, pero a min que me diga cales son os grandes cambios porque eu non os coñezo.

O Mercado; está moi ben decir que agora está apretada a xente do mercado, mire que me cansei de mocións aquí de tódolos grupos porque o que mais durou aguantando de casu tódolos grupos, me fai seña a Sra. García Pose, de que non estaba nesa, pero mire que aguantei eu defendendo que era moito mellor en dous lugares e nin Dios quería ir para arriba, e ao final, pois, a veces eu cometo erros e moitas veces cometo erros por todo aquelo que me critican, que é por escoitar e ceder cando non debía ceder, e quizá os dous grandes erros que levo cometido en 7 anos, foi o de Aguiño, por ceder a algo que hoxe en día se tiran dos pelos a xente de Aguiño vendo aquelas aceras e, sobre todo, como sigue parando todo o mundo donde lle peta se non está a Policía Local, e haber cedido nese mercado. Polo tanto, moitas veces a presión de vostede tamén fai que unha persona coma mín que lle gusta ser reflexiva pero que a veces escoita, pois, cometa errores. Polo tanto, son de todos.

O Alcalde non aproba a EDUSI, hai unha Comisión Técnica, hai unha Comisión Técnica que son os que propoñen os proxectos Técnicos que están aquí, pero eu lle podo decir, o feito de meter o Malecón eu aviseillo pero sobre todo por unha cousa, porque temos que ter certificado dun volumen de obra que a día de hoxe si non facemos a do Malecón a través da EDUSI, é posible que perdéramos os cartos europeos, e polo tanto, se meteu por esa doble labor, porque nos quedaran cartos nos presupuestos sin ter que pedir mais deuda porque recordo que esa obra estaba consignada plurianualmente, pero sobre todo, por cumplir cas esixencias do Goberno con relación ao cumplimento dos plazos da EDUSI en canto a sua execución. Esa foi a razón.

A praia canina; estamos esperando o permiso.

O Museo; si quere lle leo todo o que teño aquí do museo ca nova Dirección pero creo que mellor instar á nova Dirección, que o reúna a vostede ca responsable de cultura e que miremos as accións do novo museo, que por certo, o obxeto de dinamizar o que é a rúa de Galicia está facendo novas accións, como foi esta de presentar os documentos do Porto de Riveira de 1800, de 1906 que foi Porto de interés xeral ata agora mismo, e que vamos a seguir facendo con exposicións puntuais da nosa documentación para que polo menos haxa ou intentar que haxa un fluxo de xente hacia esa parte do pueblo.

Antes non tíñamos a Lustres Rivas, a Lustres Rivas é unha das mellores salas de exposicións públicas de Galicia, polo que me din todos os que veñen a expoñer aquí, e a parte a vostede non lle gustará pero temo o Concello, agora non sei cantas hai da dorna, 60, pois, mire que non hai obras, unha tras outra vez, é unha sala de exposición, e houbo xa exposicións tamén no mercado, é decir, temos bastante mais oferta da que tiñamos fai 4 anos.

Por último, como eu escoitei moita crítica pero poucas propostas, eu lle fago



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

| FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180259125 |
| --- | --- |
| JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48 | Fecha: 29/08/2018<br>Hora: 12:31 |

unhas cuantas propostas a tódolos grupos.

A primeira, efectivamente, que se cree o Plan de dinamización do Comercio, cunha comisión de estudio na que participen os grupos, na que participen empresarios, comerciantes da asociación e fora da asociación, e que intentemos estudiar un pouco o porqué das cousas.

Unha declaración institucional no próximo pleno en defensa como temos feito outras veces, da igualdade e do que todo supón para unha sociedade, que a parte nós solemos poñer a pancarta, dos dereitos dos colectivos da LGTB.

Como antes lles decía, o Polígono Industrial, espero que cando veña o necesario cambio de Lei que ten que aprobar o Parlamento, se comprometan tódolos grupos que teñen representación do Parlamento a aprobalo, porque después son los especuladores del PP, que aproben a modificación que permite que Riveira teña un Polígono Industrial, o PSdeG-PSOE representado no Parlamento e o BNG, entón ese día eu lles felicitarei pero necesito que a parte da crítica os seus grupos comprométanse.

Tamén, que aprobemos adicar o que é a venta do matadoiro ao arranxo dos parques infantiles que o necesiten.

Eu lle digo tamén, que creo que unha prioridade que temos que fixar porque quizá o Riveira Atlántica tarde moito, é o que é a xuventude, e o que é a política xuvenil, a casa da xuventude e a política xuvenil, polo tanto, intentaremos que a través do POS, do SGA, facer as obras canto antes. Como antes lles decía, eu creo que a Entidad dun Porto como o de Riveira merece ter unha autoridade portuaria propia.

Por último, unha petición para a próxima lexislatura, témonos que presentar tódolos grupos supoño, as seguintes eleccións, e eu lle digo unha gran eiva deste Concello, e a gran eiva deste Concello é que con 27.000 habitantes, xestionando presupuestos de cerca de 30 millóns de euros, e cá cantidade de problemas que vostedes expuxeron, teñamos duas persoas políticas en dedicación exclusiva. Está moi ben todas esas cousas, pero todos esos que o propuxeron agora chegaron ao Goberno e de 13 Ministerios pasaron a 18, e aquí en Riveira é o único sitio con 27.000 habitantes que solo temos dúas personas; eu me comprometo e o meu grupo se compromete si non goberna para a próxima lexislatura, facilitar que quen goberne teña alomenos 4 personas en dedicación exclusiva, e o resto que o aprobe o pleno como o ten que aprobar por maioría absoluta, pero ca axuda do noso grupo, Riveira e este Ayuntamiento merece unha atención que non pode ter nestos momentos por ter solo as persoas que temos en dedicación exclusiva, e o digo, porque non sei cantas vacacións necesito, pero eu non son como Fraga, teño unha cabeza pequena, e a min a Fraga entráballe o Estado, a min non me entra Riveira na cabeza, pero lle digo, e a miña secretaria o pode decir, que con que non teña o teléfono descolgado, en tan poucos minutos me pasan tantas cousas pola cabeza e me chamou tanta xente por teléfono, leín tantas cousas, mirei non sei qué, que cando descolga o teléfono e me dí dime Alcalde, lle digo, non sei o que che teño que decir Mariola, xa non me acordo, cando me acorde vólvocho a pasar, sabe porqué?, porque queira ou non queira o



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31

traballo de Riveira desborda a dous, e eso é algo que teñen que plantexarse tódolos grupos e o meu grupo está dispuesto.

Con esto, eu lle agradezco a tódolos grupos a sua posición, eu sei que é un debate novedoso, eu sei que tíñamos cada un que facer o seu papel, de verdade que esperaba mais propostas pola sua parte, esperaba as críticas pero esperaba entre tódalas cousas que fixemos e que numerei que algunha lles houbera gustado ou que fixeran como outras veces, decir que eran suas, lles iba a decir, gracias por ter tan boas ideas, como ningún quixo defender a paternidade de ningunha das obras que hai en Riveira, eu vou a defender que todas as que fixo as fixo o meu Goberno, así que moitas gracias por apoialas, a todos.

**Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e duas horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.**

Riveira, 28 de xuño de 2018

O Alcalde. Dou fe. O secretario xeral.

Manuel Ruiz Rivas. Juan Manuel Salguero del Valle.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003F43500A2G8D9U5D3X6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/08/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 12:35:48

DOCUMENTO: 20180259125
Fecha: 29/08/2018
Hora: 12:31